FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	
	Nome da boa práctica:
	Formación e sensibilización. Realización de formacións periódicas para o seu persoal, enfocadas na importancia do uso dunha linguaxe non discriminatoria.
	Entidade que a promove:
	Toldos Gómez
	Concello:
	Arzúa, Galicia

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Toldos Gómez é unha empresa galega especializada no deseño, produción e instalación de sistemas de protección solar, téxtiles técnicos, e produtos industriais. Toldos Gómez detectou que, aínda que comezaran a implementar medidas de igualdade na empresa, algúns empregados/as aínda non comprendían completamente a importancia da linguaxe inclusiva nin como aplicalo no seu traballo cotián. Identificouse unha falta de formación específica nesta área, o que xeraba inconsistencias na maneira en que se comunicaba a igualdade dentro e fóra da organización. Por mor desta situación, tomouse a decisión de fortalecer as accións formativas para crear unha maior sensibilización entre o persoal.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

A empresa desenvolveu un programa formativo continuo para todo o seu persoal, enfocado no uso dunha linguaxe non discriminatoria e na sensibilización sobre a igualdade de xénero. Este programa inclúe sesións periódicas e materiais educativos específicos, como guías de linguaxe inclusiva, que se distribúen a todos o persoal. Ademais, organízanse campañas de sensibilización en datas crave, como o 8 de marzo e o 25 de novembro, reforzando o compromiso coa igualdade de oportunidades.

RESULTADOS OBTIDOS

O impacto desta boa práctica foi moi positivo, xa que aumentou a concienciación e o compromiso do persoal co uso dunha linguaxe inclusiva e non discriminatorio. O equipo integrou este enfoque no seu día a día, mellorando tanto as relacións internas como a comunicación externa. Ademais, as campañas de sensibilización xeraron un maior interese nos temas de igualdade, o que levou a unha cultura organizativa máis inclusiva e respectuosa.